

nós.



NUM. 7

25 Outubro do 1921

NÓS

BOLETÍN MENSUAL DA CULTURA GAL-
LEGA, ÓRGÃO DA SOCIEDADE "NÓS."

DIRETOR:
Vicente Risco

GERENTE:
Arturo Noguerol

REDAUTOR-CHEFE:
Xavier Prado (Lameiro)

SEGREDARIO DA REDAUCIÓN:
Xulio Gallego

REDAUTORES:
Ramón Cabanillas, Alfonso R. Castelao, Antón Losada Diéguez, Ramón Otero Pedrayo,
Florentino L. Cuevillas, Leuter González Salgado

COLABORADORES:
Teixeira de Pascoaes, Johan Viqueira, Philéas Lebesgue, Leonardo Rodríguez, Antón Villar
Ponte, Wenceslao Fernández Flórez, Xaime Quintanilla, Antón Noriega Varela, Gonzalo
Abente, Manoel Banet Pontela, Lois Peña Novo, Eladio Rodríguez González, Ernesto Rivera,
Marqués de Figueroa, Antón Palacios, Leonardo Coimbra, Amador Villar, Alvaro Cebreiro,
Alexandre de Córdova, J. Cervans Rodrigues, Xulio A. Cuevillas, Victoriano Taibo, Xulio
Prieto, Xosé Fernández Martínez, Farruco Lamas, etc., etc.

REDAUCIÓN Y-ADMINISTRACIÓN

Padre Feixóo, 12

ABONAMENTO

Doce números, na Península. 6 ptas.

" " Fóra. 15 "

Número solto, 60 cts. na Península, 1'50 ptas. fóra

Isto boletín non publica máis orixinais que os que foran directamente solicitados pol-a Dirección.—Tampouco se fai solidario das ideas n-elas emitidas, non sendo dos que por non iren firmados, enténdense que son da Redacción.

SUMARIO

- i.*, por XAVIER PRADO.
A Embalcada Espiritual de Leonardo Coimbra.
Leonardo Coimbra e o Criacionismo.
De Xúpiter y-os Xigantes, por PRIMITIVO R. SANJURJO.
Seición Pedagógica, por VICENTE RISCO.
Seición Arqueolóxica.
Caricatura do pintor João Peralta, por ALVARO CEBREIRO.
Arquivo filolóxico e etnográfico de Galicia.
O Concurso da Revista «Mondariz», por X. G.
Os homes, os feitos, as verbas, pol-a REDAUCIÓN.
Libros.
Revistas e xornais.

MANUEL SEOANE

AXENCIA DE FERROCARRILES

*Madeirasas labradas de todas clases**Mércanse APEAS pra minas***Ponte Mayor - OURENSE****SAMANIEGO** ♦ **FOTÓGRAFO DE MODA****Luis Espada, núm. 13 - OURENSE****SERANTES E COMPAÑÍA**

FARIÑAS E COLONIAS

Ponte Mayor y - Ourense**Gran Café "ROYALTY,"** ♦ **BÓ SERVIZO DE CAFÉ E LICORES DAS MILLORES CLASES**

Depósito da excelente Sidra "REINA DE ASTURIAS,"

PRECIOS BAIXOS POR PARTIDAS DENDE CINCO CAIXAS ADIANTE**NEUMATICOS "MICHELÍN," SEMPRE ACABADOS DE FABRICARE**

GASOLINA • LUBRIFICANTES

Depósito oficial: ALFONSO ABEIJON - Ponte Mayor (Ourense)

LOS CHICOS ♦ **Tecidos=Novedás**
PRECIO FIXO**Paz Nova, núm. 1 - Ourense****LUIS GALLEGO - Procurador**

DASE PRESA NO DESPACHO DE TODA CRAS D'ASUNTOS

LUIS ESPADA, NÚMERO 9. - OURENSE

NÓS

GRAN "HOTEL MIÑO," OURENSE

O ÚNECO DA CAPITAL CON CALEFAUCIÓN CENTRAL
AMPLIAS HABITACIÓNS :- COARTOS DE BAÑO
PENSIÓN COMPRETA DENDE 12 A 60 PESETAS

Propietario: ANDRÉS PERILLE :-: Teléfono 21

Merquen: PLUMEIROS DE RAFIA "PERILLE,"

OS DE MAIS DURA, OS QUE MILLOR LIMPAM, OS MAIS ECONÓMICOS

BOAS UTILIDADS ÓS REVENDEDORES

FABRICANTE

ANDRÉS PERILLE

OURENSE (España)

Clave A. B. C., 5.ª edición

REPERSENTANTE N - A ARGENTINA

JOSÉ MARTÍN

Calle Venezuela, 936

BUENOS AIRES

Casa "PERILLE,"

FERRETERIA :-: LOUZA :-: CRISTAL

MOEBLES ECONOMECOS E DE LUXO

FRABICACION DE COLCHÓS PATENTADOS

Vostede pode montar a sua casa con solo visitar iste establecimiento, obtendo o maximum d' economia.

Paz Nóvoa, 9 - OURENSE



BOLETIN MENSUAL DA CULTURA GALEGA, ÓRGAO
DA SOCIEDADE "NÓS,"

Ano II

Ourense 25 de Outubro 1921

Núm. 7

! !

*Alá vai a rapaciña
pol-o medeo d' a calzada
que pechos albores cerran
por unha e por outra banda.
Un pano amarelo cobre
a cabeciña de fada,
pra que os cabellos louros
ó sol lle non poñan chata.
Outro pano bermelliño
sobr' os hombreiro descansa
e cruzando os outos seos
n-o fondo d' as costas se ata
c' un lazo que mesmo bérra
sobr' a negra muradana.
Us zoquiños, qu' arredore
teñen chatolas douradas,
pechan seus curtos peciños
libertos de frío y-auga.
Se por didiante a virades
pasma vos der' a sua cara,
com' á d' as virxes feitiña,
com' á mazán colorada,*

*e' us ollíños qu' ó mirare
 chegan ó fondo d' a η-alma.
 Seu corpo, ergueito, gallardo,
 móves' ó andar con tal gracia,
 que de cantos tópa leva
 tras d' ela dóces ólladas.
 ¡E vai soila pol-os agros!
 ¡E vai soila pol-as fragas!
 ¡E péchall' a noite lonxe
 e volve soila pr' á casa!
 ¿Cómo andando d' ise xeito
 non é a moza criticada?
 ¿Cómo non tén medo soila
 sex' a noite escura ou crara?
 Porque sabe tod' ó mundo
 que lle non fai falla garda;
 nin aldraxe consintira,
 nin topou quen-a aldraxara.
 A muller d' aldea tén
 o que á d' a vila lle falta:
 d' os homes, fondo respeto;
 n-os seus brazos, confianza.
 Do agro fuxiron os lobos,
 pro.... pol-a vila inda campan.*

XAVIER PRADO

(Lameiro)





A EMBAIXADA ESPIRTUAL DE LEONARDO COIMBRA

Co'a y-alma ategada d'antusiasmo, d'espranza e d'amore recibuse elquí ó Dr. Leonardo Coimbra e ós seus ilustres compañeiros que no nome da intelectualidade portuguesa, víñeron sellar un pauto d'irmandade co'a Galiza nova, que s'afirma xurdia na sua marcha triunfante pró conqueiramento do futuro.

Bén tempo levabamos d'estarmos arredados e de nonos cofecermos... Bén tempo, padecendo a mesma doenza fonda e sen cura, a mesma arela congoxenta do Infinito, coidamos de nos iforarmos, porque non trocábamol-os nosos pensamentos, sen nos decatarnos de qu' as nosas almas cegas se buscaban por istinto na escuridade... Bén tempo estivemos sen nos voltar un de car'ó outro pra nos dicir: «Ti e mais eu, temol-o mesmo sangue...»

E mais, no descubrimento d'esta verdade que tiñamos diante dos ollos, sen qu'a vísimos, estaba pechado o segredo de gloria do noso porvir... «A Saudade—dí o Texeira de Pascoaes—e a Virgem tutelar das nosas Patrias irmãs. Qu'elas se entendam e amen e traballhem na mesma obra civilisadora!... A Galiza é irmá e mãe de Portugal. Portugal saíu dos seios da Galiza; depois abandonou a Mãe e foi por esses mares fóra; fugiu como o fillo prodigo. Mas é chegado o tempo do seu regresso ao lar materno. Temos de voltar a viver espiritualmente em comum. Assim o exige o destino das nosas Patrias que aínda não está cumprido... Eu tambeo espero que os dois Povos hão de crear a Civilización atlántica. Serenada a tempestade que agita o mundo, a Galiza e Portugal aparecerán espiritualmente casados para afirmarem sobre a terra a sua Alma saudosa e redemptora...» Eis desvelada a profecía da nosa futura sumisión estóreca. Mais era un sen-

timento, un pensamento qu'aínda se non formulara, qu'aínda non atopara a sua expresión, e que hoxe xa Pina de Moraes, bautizou co nome felís de *Pangaleguismo*—que veu reutilizar a expresión vaga de *neo-atlantismo* que Vicente Risco empregara—e que, nas suxestións luminosas de Leonardo Coimbra, abrangue a idea d'unha comunidade de cultura luso-galaico-brasileira...

Inda que nada d'esto se dixera con caridade, enantes de 1920, sempre que Galiza sintiu ansias de vivir de novo, ollou amorosamente pr'à outra veira do Miño, coma c'un sentimento de revolta contra do azar estóreco que nos dividin faguendo dos galegos estranxeiros pra Portugal, e dos portugueses estranxeiros pra nós, coma c'unha arela de reintegración de Portugal e Galiza n-unha sola Patria espiritual que sería a verdadeira e nova Atlántida, a Atlántida rediviva.

E iste sentimento fixose mais forte agora qu'o rexurdimento de Galiza é un feito que ninguén pode atallar, anque tivera todol-os poderes do Inferno ó servizo do seu intento criminal. O Pangaleguismo foi, podemos dicir, dogma das Irmandades dendes da sua creación, e *A Nosa Terra* foi a primeira n-ise camiño.

E d'Alem-Miño responderon vozes amigas con verbas d'irmandade. Fai xa ances qu'Afonso Lopes Vieira fixo o seu vello cantar, a modo dos *Canzoneiros*:

Ó Galiza dos verdes prados,
tam irmãe dos nosos, por Deus abençoados,
—deixa Castela e ven a nós!

D'enton pr'acó, o movemento foise acentuando... N-*A Nosa Terra* acollíanse con ledicia os escritos de José Joaquim Nunes, Antonio Sardinha, Luis d'Ameida Braga, Novais Tei-

xeira y-outros moitos escritores portugueses. Antón Vilar Ponte iniciaba nos seus traballos a propugnación d'un intercámbeo espiritual antr' as duas Patrias, que nos poidera voltar ós gloriosos tempos en que s'escribiron os *Canzoneiros*, a *Crónica de Turpin* y-a *Demanda do San Graal*, tempos nos que a cultura galaico-lusitana foi na esencia unha sóa, e nos que a nosa nazonalidade foi mais fecundamente creadora. As arelas pangaleguistas do instante, converteunas logo n-un documento que leeu na segunda Asambreira Nazonalista, tida en Santiago, e que mandou á Academia das Ciencias de Portugal. N-aquela mesma Asambreira espresouse ben crara a arela do intercámbeo das letras galegas e as letras portuguesas.

O viaxe do Sr. José de Figueiredo, director do Museu Nacional de Arte Antiga de Lisboa, pol-a nosa Terra adiante, tivo tamén o seu froito, e foi cecais a causa determinante de moitos feitos que viñeron despois. Aquil ilustre arqueólogo e crítico d' arte, que nos seus estudos, busca precedentes galegos pr' á pintura portuguesa, que no século xv se manifesta xúrdia con Nuno Gonçalves, fixo amizade co noso Castelao. A pouco, *Atlántida* de Lisboa acollía a colaboración dos nosos compañeiros Risco, Cabanillas e Castelao. D' enton datan as nosas comunicaciós co gran Teixeira de Pascoaes, e mais os traballos do eminente Philéas Lebesgue no *Mercure de France*, na *Revue de l'Époque* en outras importantes publicaciós parisienses, pra dar a coñecer a nosa literatura.

A Nosa Terra principiaba, ó tempo, a estudar ó día as manifestaciós mais novas da literatura e da arte portuguesa. En Portugal, os espritos mais escoleitos das novas xeneraciós, íbanse decatando do noso esforzo de reconstrución da Patrea Galega, e, ollándonos con agrimo, mesmo con curiosidade, dábanos azos coas suas verbas cheas de sentimento fraterno. Eran Teixeira de Pascoaes, Leonardo Coimbra, Pina de Moraes, João Peralta, Armando de Basto, Manuel de Figueiredo, João de Castro, Alexandre de Córdova, José Cervaens Rodrigues, Orlando Marçal, A. Pereira Cardoso, e moitos mais.

Cando Castelao espuxo en Madrid as cincuenta obras de mestre que forman o seu album *Nós*, asombroso d' arte, revolta xúrdia d'un espírito todo da Terra, n-un xantar que lle deron os seus admiradores, sinaláronse Antonio Sardinha c' un soneto que alude ó noso gran Símbolo Misteco—o San Graal, que campeia n-as armas tradicións do Reino de Galiza—e Luis d' Almeida Braga c' unhas verbas sentidas,

cheas de cobiza trascendente da Irmandade espiritual dos dous países. Cada día unha nova afirmación do Ideal celta-atlántico...

E logo foi a imprensa toda de Portugal a seguir ise nobre sentimento de fraterna simpatía. Os nosos amigos portugueses inundaban cos seus artigos as páxinas de *O Popular* de Lisboa, de *Ilustração Portuguesa*, de *Jornal das Notícias*, de *O Comercio do Porto*, de *O Primeiro de Janeiro*... Antre todos son merecentes d' atención os artigos de Pina de Moraes, un dos novos escritores portugueses de mérito mais fondo e singular. El foi, nos seus artigos publicados en *O Primeiro de Janeiro* quen deu á nosa arela nazonalista o nome revelador de Pangaleguismo, como xa indicamos ó principio.

O Pina de Moraes vé perfectamente craro nas nosas arelas, tan lonxe do *iberismo*; ben sabe il que nós queremos entender con Portugal independentemente de Castela, fora d'un hispano-lusitanismo que a íles, despois dos sermoneos d'un Vicente Gay e mais d' outras cousas piores, tenlles que parecer sospeitoso, ten qu' espertal-os seus receíos de pobo coidadoso da sua independenza, dono dos seus destínos. Bén saben que poden fiar en nós, porque: «Estes naó falan nunca de *unido*—quando muito, surge a palabra *aliança*. A cuestión ibérica tem assim o único aspecto aceptavel». Sabe tamén que no noso movemento, coma no catalán, as mentalidades están «cunhadas por uma renovação intelectual que não abrange as outras provincias de Hespanha». Os artigos do Pina de Moraes manifestan unha fonda penetración e unha crara e limpa lealdade.

Dend' o seu primeiro número, NÓS quixo ter a sua parte n-ise movemento que leva un car' o outro os dous pobos irmans. As nosas páxinas foron honradas coa colaboración dos qu' en Portugal son cabeza d' iste movento, que cada día adquire novas e ilustres adhesiós. Antr' as derradeiras debemos contar a d' Augusto Casimiro, unha das figuras mais destacadas da moderna literatura portuguesa e mais a da revista d' Aveiro *Talabriga*, da que hai pouco dábamos noticia. *Talabriga* propugna ó xeito noso o sentimento da Terra e da Raza: «Um perfume sadlo e viril vem da *glebanater* reanimar o homem e encherlle o coração de forças generosas», dí ó se referir ó rexurdimento de Galiza. «Ha um feliz regresso á Gleba», dí n-outro lugar. A volta á Terra, a reintegración do home na Natureza, o amor ó chao natal coma salvación única e suprema, é que padreica tamén Augusto Casimiro, un dos novos poetas lusitadas do Teixeira de Pascoaes, que leva nas

veas sangue galego, vello sangue amestral do berce da Lusitania moderna...

E por fin, iste arelar saudoso sostido algunhos anos, callou en realidade. Co Orfeón Portuense, e na compañía dos ilustres pintores João Peralta e Octavio Sergio, do poeta Alexandre de Córdova, do músico Raul Casimiro e o mestre compositor e distinto folk-lorista Armando Leça, chegou á Cruña Leonardo Coimbra.

Os concertos do Orfeón Portuense na Plaza de Touros e no teatro Rosalía de Castro, no Circo d' Artesanos a exposición de João Peralta e Octavio Sergio, a leutura d' Alexandre de Córdova e a conferencia do Leonardo Coimbra, amostraron xurdiamente ó gran público canta é a forza de pensamento e d' arte qu' hai no novo Portugal cheo d' ansias de vida. Todos estes autos, ademais do valor que n-iles poideron apreciar todos, en canto foron unha fermosa enunciación estéteca e filosófica, tiveron pr' ós verdadeiros representantes da nova mentalidade galega, fondas suxerencias a dal-o seu froito no porvir.

Mais Leonardo Coimbra e os seus compañeiros traguían unha misión concreta da parte da inteleutualidade portuguesa que podemos chamar pangaleguista. Viña sellar por fin un pauto d' irmandade co'a Galizia nova, pauto intenso e cordial, sellado con sangue d' un comun espírito, qu' abre un futuro glorioso ás duas Patreas irmás.

N-unha reunión íntima na Irmandade da

Fala, estabrecéronse pro futuro as bases do noso intertroque espiritual, no que á empresa NOS ficou asiñado un posto d' honore. Dend' agora, nas nosas páxinas, o insine Leonardo Coimbra informará ó público galego do movemento literario de Portugal. Teremos, logo, a colaboración constante do mestre, e aínda a d' outros homes ilustres portugueses, os que a miúdo visitarán tamén Galiza en misión de cultura, com' igualmente aló irán os nosos. Os libros portugueses poderans' atopar dend' agora en todas as vilas de Galiza, e o mercado de Portugal ficará aberto inteiramente ós libros galegos. *A Águia* e mais a *Revista da Faculdade de Letras do Porto* informarán ó público português do noso movemento inteleutual.

Eis a transcendencia considerabel da visita do Leonardo Coimbra. Galiza e Portugal inauguraron co' elk unha nova época da sua estoria, época de colaboración na obra de cultura, d' irmandade e de traballo espiritual e trascendente. E compre non esquecer qu' os que principian iste traballo, levan na y-alma, ateigada d' antusiasmo, d' esperanza e d' amore, a intuición fonda d' unha nova civilización que xa algúx chaman a civilización atlántica... O catalán Xenius dixo qu' esta sería a civilización da Memoria, coma a Mediterránea foi a da Intelixencia, e a Oriental y-a Americana foron as da Vontade. Mais ceceals o noso espírito fundamentes celta, se teña asimilado o esencial das outras duas civilizacións, d' abondo pra superalas...





LEONARDO COIMBRA

E O CRIACIONISMO



Filosofía actual—dí o ilustre profesor Viqueira—tén como as súas características: o interese pola vida do espírito ou psicolóxica;—a tendencia metafísica;—o entender a realidade como produción ou creación. Por isto é hoxe o francés Bergson o filósofo máis representativo. En Leonardo Coimbra achamos estas notas c' unha verdadeira realidade.»

Efectivamente, Leonardo Coimbra representa en Portugal na orde do pensamento, o mesmo que representan Bergson en Francia, William James en Nord' América, Windelband n-Alemaña, quere se dicir: a modalidade diferencial do pensamento moderno, e ó mesmo tempo, aínda representa outra cousa: a modalidade diferencial do pensamento portugués. Podemos dicir, pois, que o Dr. Leonardo Coimbra é o noso pensador representativo, pois, coma dí no mesmo artigo citado o profesor Viqueira:

«O noso espírito filosófico, aínda por desenvolver, está ben perto do espírito filosófico de Portugal, que convén tanto coñecer ós galegos.»

O Dr. Leonardo Coimbra é o único pensador peninsular que dera unha resposta de seu ó dilema fundamental da filosofía moderna—dilema que Kant deixara prantelado pra toda filosofía que viñera atrás d' él,—a oposición antr' o *real*, interpretado pol-a esperencia científica, por unha veira, e pol-a outra as máis fondas arelas do espírito humano.

O pensamento do Leonardo Coimbra é unha reacción contra do positivismo que s' adonara de Portugal d' un xeito propio pr' afogar nos miolos portugueses toda manifestación d' astraución especulativa. Sampaio Bruno atribuíra iste trunfo do positivismo a unha certa incapacidade filosófica do pobo portugués, qu' él quixo amosstrar percorrendo as manifestacións estóreas do pensamento da Raza. Mais contra d' esto poden s' invocare as manifestacións modernas;

poñendo en primeiro lugar ó mesmo Sampaio Bruno quen, asegún fai observar Leonardo Coimbra, anticiouse en moito ás máis novas direccións da filosofía contemporánea no que toca principalmente á resolución d' aquil dilema fundamental; e logo a Antero de Quental, a Leonardo Coimbra, ó gran poeta Teixeira de Pascoaes, d' inspiración fundamente filosófica, a Teixeira Rego etc.

O positivismo non deixaría de preservar ó pensamento portugués de certas infeccións, de certos descarriamentos, mais o seu dogmatismo estreito resulta unha cadea pró libre pensar... D' iste xeito, a reacción contra d' él foi tan unánime e tan severa qu' algunhas veces pasouse da raya. Foron moitos os prestixios e pseudo-prestixios do positivismo que ficaron no máis fondo esquecemento, coma s' endexamáis houberan existido: o caso d' Herbert Spencer é n-iste propóseto verdadeiramente eixemplar.

Portugal precisaba, pol-o tanto, unha filosofía, y-eíquí ven o gran valor social da obra do Leonardo Coimbra, que ven erguer co' ela o pensamento luso pra se poñer en primeira liña nas avanzadas da modernidade filosófica. El fai derivar a súa concepción criacionista de Sampaio Bruno, d' Antero de Quental e máis do pensamento tradicional do pobo portugués expresado no Folk-lore, na Arte e na Literatura. Por iso Teixeira de Pascoaes, o gran intérprete da y-alma portuguesa, no seu libro *Os Poetas Lusíadas* pon a Leonardo Coimbra n-un capítulo en col do pensamento saudosista, capítulo que chegará a ser libro, asegún tén anunciado. E, pois, o Leonardo Coimbra un dos caracterizados intérpretes do glorioso mesianismo da Raza.

É a súa unha concepción fundamente espiritualista. «A realidade—dí Viqueira—é pra el, consciencia, espírito, pois como o proban moitos experimentos psico-patolóxicos, «todo é, foi ou pode ser consciencia.» A consciencia é pensamento, pol-o que a realidade é pensamento. Mais

esta realidade e iste pensamento (que tanto tén unha cousa como a outra) son produción, creación eterna. Eis o punto de vista do «criacionismo». Certamente creación que deixa tras d'ela a obra da natureza e do espírito: a ciencia, a arte, a moral e a relixión, e que camiña para a «consciencia» e para a «memoria». Mais a realidade é tamén comunión na produción. O Universo é solidario: «un campo de consciencia onde conviven e penetran consciencias, ou sexa: A consciencia dasubconsciencias socializadas, os seres socializados en Deus». Na relixión exprésase esta solidariedade pois sempre no fondo é: «eterna e infinita convivencia amorosa».

O Universo é pra Leonardo Coimbra unha sociedade de mónadas, que o pensamento ten por necesidade que postular coma derradeiro termo na categoría de *realidade*. «O núcleo fundamental da súa ideación filosófica—di F. Newton de Macedo—repousa na categoría de *relação*, mas nem pon isso os termos últimos que ela implica perdem o seu valor *substantivo*, como centros espirituais de enerxía que são.» D' iste xeito, o Dr. Coimbra non dissolve, como parte do pensamento alemán, a categoría de *sustancia* na categoría de *relación*, senon que coma Leibnitz, coma Herbart, coma

Renouvier, reconece a sustancialidade das mónadas coma centros espirituais de creación. O seu punto de vista é pluralista, e o seu progreso principal sobre Leibnitz é a idea da hierarquía das mónadas e a liberdade d' elas, liberdade que non s'atopa en oposición co poder da Mónada Suprema, xa que il ólla pra Deus coma pra un límite inatínxibel ó que tende sempre de máis perto a continuidade espiritual.

Coma Lutoslawsky — pensa-lor polaco que tén vivido e traballado na nósra Terra, embora ficase ilhorado, por nos ter pillado n-unha época de sono noxento—Leonardo Coimbra é un filósofo da Liberdade, e pra nós había ser cousa

dina d' estudo a comparanza antr'o *Criacionismo* e o *Eleutherismo*, que é o nome da doutrina polaca da vontade que Lutoslawsky defende y-enseña. O Eleutherismo é a filosofía do mesianismo polaco, com' o Criacionismo é a filosofía do mesianismo portugués. Pol-o pronto, igual que en Lutoslawsky, podemos dicir qu' en Leonardo Coimbra, Deus é máis ben a garantía da liberdade, que non unha sobrenza que lle poña limitacións. «A síntese superior que o conceito de

divindade presupõe—di F. Newton de Macedo—resulta na súa filosofía, da integración da *volonté de conscience* de Fouillée no dinamismo inqualificado do *élan vital* de Bergson.»

Concíbese no Criacionismo o espírito com' unha entidade sustancial, criadora, libre e imorrennte. A fé domestre na pervivencia do espírito obtivo unha base experimental co caso estudado en *A luta pela Imortalidade*, caso conciosamente constatado, convincente, e ceais un dos casos nos que o mistéreo con máis craridade deixou pasar por atrás do seu véo a noción de que pasa despois, un dos casos ceais que millor responden á pregunta angustiada qu' enche tantos libros modernos pol-o xeito d' ise inquedante

de *L'hôte inconnu* de Maeterlinck. No libro do Dr. Coimbra bota unh' áncora a fé na continuidade da vida.

Derradeiramentes, Leonardo Coimbra opón á unidade estáteca do idealismo alemán, a unidade suprema do Amor—vontade de convivencia—que se dá no infinitamente vario, diferenciado e concreto, com' arela universal de fraternidade cósmica que tende car' a Deus. Amor-síntese que se non pode dar no que é un, astrauto, indifrenciado, senon que se tén que dar com' armonía suprema na infinda pluralidade das mónadas en ascensión perpétua. Eis a relixión, eterna e infinda convivencia amorosa.

E ó falar d' esto, o filósofo tén a esaltación



Dr. Coimbra

seráfeca do diviño amor franciscano e máis as videncias lumiosas da vella sabencia oriental... Hai eis sen dúbida un eco lonxano do pensamento aryo qu' alumeou á India - a India dos Gamas e dos Alburquerque - nas páxinas sagradas dos *Upanishad* e do *Bhagavad Gita*, somentes qu' eiquí, por riba do arcáico panteísmo brahmáneco, pasaron moitos séculos d' occidentalismo e de críteca filosófeca... Escomasí, tamén o occidentalismo e a críteca filosófeca están superados na xúrdia conceución de Leonardo Coimbra.

Fóra do seu valor intrínseco a obra filosófeca de Leonardo Coimbra téñ un fondo valor estó-reco. Até d' agora, dos pobos peninsuares, somentes Cataluña podía gabar de ter unha tradición filosófeca. Na Edade Médea, tivo a figura xigante de Raimundo Lulio; no Renacemento a de Luis Vives; modernamentos, a Balmes e F. Xavier Llorens; nos derradeiros a Diego Ruiz, Eugeni d' Ors, F. Pujol e Ramón Tunó.

Castela, dende Sanz del Río, andivo en procura d' un sistema filosófeco pol-as Universidás

d' Alemaña: importou primeiro o kraussismo, logo o positivismo, ó derradeiro o neokantismo. O Unamuno, o úneco dos seus pensadores, esprito sen acougo até a anormalidade, foi unha revolta contra de todas aquelas cousas que lles viñan d' afora, e ó mesmo tempo, y-apesares de ser vasco, chegou caxeque a ser unha incarnación da incapacidade filosófeca das xentes da Meseta.

Con Leonardo Coimbra, nascemos á vida filosófeca os pobos da banda atlántica, e vimos ó mundo c' unha filosofía que, coma dí Teixeira de Pascoas, é a *filosofía da Esperanza*, toda ansia de vida, toda pulo criador. É a filosofía indicativa do nóso instante presente, do nóso Agora arelante e cobizoso. É a *filosofía do Recordamento*.

Cada grande home ven ó mundo cando debe vir.

Saudemos, logo, a iste que, suscitado sen dúbida pol-o xenio da Raza, nos veu traer iste canto espranzado e lumioso d' espiritualidade e d' Amor.

DE XÚPITER Y-OS XIGANTES

CAPÍTULO XXXVIII DAS ESCEAS DE XIGANTOMAQUIA



ATOPÁBASE Xúpiter certa noite moi escura matinando de vagar n-aquí-les tempos da sua vida, nos que deixándo as celestes mansións, balxaba á terra pra realizalas suas equívocas trasformacións.

E pensaba qu' os homes eran de natureza ingrata pois logo esquecían os favores que sempre lles facía. Y ademáis, qu' os xenios da humanidade tornábanse incrédulos asegún iban adiantando en esperencia da vida y-estudios. E por iso determinábara il abandoalos e infruir d' unha maneira maliciosa n-os seus destiños, de xeito qu' as suas xenialidades quedasen coxas. E fixera esto de tal modo que dende tempos naoi recusados non volvera existir n-a terra un xenio cumprido.

E pensaba qu' a teoría adimitida n-a autualidade de qu' o xenio medra en gran parte pol-a educación, non era certa, e que non se tiñan decatado os pedagogos de que a educación vai iniciada coma tendencia n-o ser, e qu' iste aparta

sempre de si toda aquela que non saí ó xeito do seu gusto.

E seguía meditando en que por esta causa non lle convíña ós homes ter mais d' un xenio cada século; e por iso tiña il determinado acabar pra sempre con todos aqueles que s' adiantasen á orde por il estabrecida.

-A mais, decía, os homes teñen interpretado mal as miñas trasformacións. Eu deiteime con Alcmena e con outras mulleres mortaes, mais o que fixen foi proyeutar a miña espiritualidá pranetaria pra infruir n-a xestación de un ser. Os tres días co' as tres noites que me custou enxendrar a Ercoles queren significar que precisei remachar ben o cravo da miña influencia física, psíquica y-espiritual pra forxar aquíl ser úneco, gloria do ceo e do mundo terrestre.

E si eu dixen a Apolo que detivera o carro da Aurora, dixello simbólicamente pra significar qu' os verdadeiros xenios de caraute e temperamento, somentes poden ser nados pol-a mañá cedo, pouco antes de rayal-o día. Y-estes

son os xenios que loitan barudamente sempre y-en todo sitio da vida, pois os que nacen pol-o mediodía esteriorizanse n-o mundo con ampla facilidade.

Y-este sentido ten tamén a memorabre escaebíbrica da batalla de Xosué, n-a qu' iste mandou parar o sol y-a lua denantes que se puxeran. Porqu' esto quer decir que Xosué apresurou seu encarnizamento antes do solpór facendo unha loita xeneral y-unha matanza úneca.

Pol-o Occidente mórrese; pol-o Oriente nácese. E ben o saben os astrólogos.»

Atópabase monologando d' iste xeito, cando pol-a calzada da Vía Láctea ven vir cara il multitudume innumerable de sombras que serpenteaba arrogantemente todo ó longo do camiño e que levaban unhas fortes mocas apoyadas n-os hombreiros. Eran algúns d' outa estatura y-outros xigantescos. Cánd' estiveron preto d' il comprendeu Xúpiter qu' os evocara sin querer n-as suas meditacións.

Eran as almas dos vellos xigantes terrestres que gozaban da inmortalidade pol-os seus feitos memorabres n-o mundo, os cuás chegándose a il arrodearon coma seu Paí e Díos e berraron ó unísono d' esta maneira:

—Paí e Señor: Eíquí estamos dispostos a nos renovar n-o que fomos n-outro tempo. O mundo esgótase por falla dos nosos brazos. Os homes adoran os xogos que son caricatura dos nosos. Xa nin hai xigantes de corpo nin xíquera d' alma. Dispon de nós, mándanos a rexir calquer orde da vida humana. Danos por morada un continente, unha península, anque sexa tan soilo a mais pequena das illas. Os debles perecen e precisan axuda. A hipocresía trunfa co' as suas mafias, e soilo unha forza xigantesca e natural, sen artificios de sport, pode contel-as espoliacións que sofren certos pobos.

Xúpiter escoitounos benino e díxolles que todos irían onde querían ir, mais primeiro tiña que facer un xigante de nóvo xeito porque os xigantes coma todol-os seres tiñan que evolucionar n-o tempo.

—A máis,añadiu, ben sabedes que non consiste todo n-a corpulencia pois moitos de vós fúchedes mutilados y-aínda mortos por homes pequenos, sinon que consiste n-o carante e na forza do temperamento. Homes hay froxos de corpo que son xigantes pol-o seu espírito. Y-esto é porque aínda non convén realizar o tan deseado día do chamado super-home que está n-as mentes diviñas pró futuro. Mais pol-o camiño que vai o mundo paréeceme qu' iste super-home non vai ser nada.

Os sabios d' hoxe conceden moito á esperen-

cia. Xa sabenes como Goethe creou o homunculo n-o seu crisol y-o froito que sacou. Se iste sabio houbera casado ó seu tempo, tería creado un home y-un xigante d' espírito superior ó seu; mais os sabios qu' estudian estas cousas, teñen sacado das suas esperencias qu' os xenios non poden enxendrar xenios y-é porque as suas atencións especulativas non-os levan a estudar a muller que pode ter xeito prá reprodución xenial.

Míraí: un país existe hoxe moi pequeno pro moi fermoso que emigra constantemente e qu'a pesar d' elo échese sempre. Tén as suas rías, y-as suas bahías, suas penínsuas e seus vales, suas mesetas suas montañas y-hastra seu Olimpo. Cree y-ama o mito deslumbrador do cabaleiros acro e pelingrín; n-a Isida dos óllos grandes; n-o Círculo solar velado n-o mistéreo teolóxico. Cada pazo e cada chouza, cada outeiro, cada meseta, e cada castro tén un xenio xigante, qu' o garde. Tén o sangue d' estes homes o componente alquímico da forza e da beleza, da seriedade y-a ironía, da lería e da meditación. A sua fé brila misturada con total-as supersticións máis sagradas, e gran parte d' iste pobo cree aínda máis n-as suas supersticións que n-a sua fé. Anque pareza qu' os seus vellos costumes van morrendo, non é así. Renóvanse impensadamente c' un sopro de vidas antigas, enxendrado ó amor das suas saudades, pol-os cruzamentos de razas escelsas que interviñeran n-a sua formación. Velo alí n-aquíl seu corruncho do Noroeste hispánico, onde se xuntaron total-as Arcadias,

O marasmo das suas xentes non é tal. É fatura de vida das suas sentimentalidades, dos seus sonos e dos seus esforzos ben probados por todo o praneta. Chegaron a conquistar un nome que outros pobos prenuncian despeutivos por envexa, sin se decatarse qu' íles son nados da escoria.

A sua raza, é das mais puras da humanidade. É celta y-é fenicia, é grega y-é romana e todo outro elemento que non procede d' estas sementes sórbeo seguidamente. O seu porvir ha ser glorioso. Sigue sendo grande n-o meio das suas desgracias e do esquecemento en qu' a teñen os qu' o gobernan. Mais ten en troques o qu' eu teño; o poder das trasformacións potentes nadas do seio da sua natureza fecunda. Cando bota ó ar as suas melodías, alégranse os ceos; cando baila, as esferas rítmicas danlle a sua pauta misteriosa; cando seus alalás esparéxense n-o serán d' ouro, resoan os ecos estinguídos dos puríseos tempos dos dolmens e dos trilitos nórdicos; a mar é a vehículo dos seus esforzos;

a terra dos seus lares, seu paraíso. E n-iste pobo que ten latexante o esforzo y-a decisión aguda, é onde Ercoles puxo o seu pé n-un día memorable, é onde eu quero que vayades co voso arroxo e tenacidade. Vades a bó lugar, pois alí son xentes traballadoras e sufridas, e xa sabedes qu'o sufrimento é a semente do total-as cousas grandes y-heróicas. Outros pobos hai que pretenden ser os escelsos n-iste sentido mais esquecen a axuda pródiga que reciben. Y-o seu orgulo convírtelles a paz en guerra; o froito dos seus traballos en revoltos estados de progreso... Mais d' istes pobos é millor non falar.

Ide onde vos digo.»

Y-os xigantes lanzando ó ar o cántico de ¡Ouh Breogan! fóronse rápidos á terra prometida.

Un d' iles quedou, non embargante, acochado n-as sombras, sin que se notara a súa falla antr' os seus compañeiros, e Xúpiter qu' o viu, preguntoulle si desexaba algún favor especial.

—¡Ouh si, desexo!

—Pois fala.

—Quero, dixo o xigante, habitar n-esa rexión maravilosa e axuntarme sagradamente c' unha ondina d' aquelas rías en cuya alma din estar fundidos todol-os elementos psíquicos mais fermosos que creou a natureza. Parece que total-as razas a formaron. É antiga y-é moderna; é árabe y-é celta; é sentimental y-enérxica; muller e nena; filla e nai. Hai un sopro de leenda feudal n-a súa raza, y-un surtidor d' ouro n-a súa fala. Eu son un xigante, e quero ser pra ela.

—Ouh sombra querida, díxolle Xúpiter, sabes ben o que pides? Esa ondina é cousa moi

dificil; cando eu andiven pol-o mundo, nunca quixen nada co' ises seres elementales por moi fermosos que fosen. A máis qu' ese non é meu oficio. Eu podo crear xenios, mais non facilito aventuras d' amor. Si ela é tal como a pintas tés que deixar as tuas forzas de xigante pra conseguila. A muller é toda maña e sotileza. O que poderei facer por tí, é falarlle a Apolo pra que te convirta n-un Ercoles das musas y-elo levárite a realizar os teus deseios.

Mais denantes preciso ¡ouh sombra querida! que me contes os teus feitos d' outro tempo. Que fuches, que tiveches, cal foi a tua épica de xigante n-a tua vida do mundo anterior. Sin esta verdadeira xecutoria de nobreza os dioses non me prestarían aníllos n-a tua axuda.

Y-enton os dous persoaxes foron alumeados pol-a luz da lua nacente n-o hemisferio da noite prestando ó xigante y-o dios o magno deslumbramento dos seus raios que tiñan unha expresión evocadora de tempos antigos e inenarrables, sollo vista n-o ensoño dos que os teñan mirado pretéritamente.

E Xúpiter com' un pai coldadoso dispíxose a escoitar da sombra do xigante a narración evocadora dos seus derradeiros tránsitos n-a terra. Y-o estar os dous suspensos dos seus beizos e dos seus pensamentos, ispidas as súas almas a todol-os puntos cardinás n-o insondable dos ceos, a sombra do xigante principiou a súa confesión dicindo...

PRIMITIVO R. SANJURJO

Ithaca, Primavera de 1921.

SEICION PEDAGÓXICA

IV O ESCOLANTE

O escolante ha ser a y-alma da escola. Mais pra eso cumpre qu' o escolante teña espírito, que teña *ideal*. Compren escolantes imbuídos do *Ideal da Raza e de Tradición da Terra*.

Pra esto, o primeiro é qu' os escolantes que rixan as nósas escolas sexan galegos; o segundo é que estudien e amen a Galizia.

Ora, como n-as Escolas Normais non s' estuda nada galego, cumpre qu' os escolantes adiquiran fóra d' elas o coñecemento, o mais fondo posible, da nosa Terra. Pra eso, hai que porlles

nas maus os medeos: libros, cursos, conferencias, etc.

Esto fica á iniciativa dos fundadores das escolas e mais dos homes de boa vontade.

Por eixemplo: publicacións especiais—libros e revistas—qu' os escolantes podan adquirir por suscripcións ou prezos especiais.

Donativos d' obras pr' as bibliotecas escolares.

Cursos gratuitos pr' escolantes.

Confrencias ambulantes pol-as escolas pra escolantes y-alunos; é decir, compre axudar ó escolante no seu labore.

V OS MÉTODOS D' ENSEÑO

Duas regras xeneraes: a meirande *actividade* da parte dos nenos (auto-actividade), y-a constante apelación á *intuición* sensíbel.

Intuición *directa*: vel-as cousas.—Buscand' os eixemplos de todo (xeografía, ciencias naturais, historia, arte) na nosa Terra.

Intuición *indirecta*: suxeril-o remoto por medio do qu' está perto.—Pofier en comparanza as cousas de fóra, das que falan os libros, co' as cousas nosas.

A intuición y-a manipulación das cousas da Terra, ten ademais por efecto o saber *miralas—aprecialas*—atopal-a razón de *porque son coma son*, ou *porque se fan coma se fan*.

Esto é fácil. Hai algo mais difícil e mais fondo:

O estudo y-aproveitamento pedagóxico dos *hábitos mentais*—contidos hereditarios do espírito: *elementos apercipientes*—dos nosos rapaces.

Eiquí ven a aplicación dos métodos aproveitables da Paidoloxía (eiquí: psicoloxía diferencial da Raza nos nenos).

VI O GALEGO NA ESCOLA

O ideal sería qu' o ensino se dera en lingua galega.

A apelación á nosa fala é indispensable, pol-o demais, pol-o menos n-as escolas rurais, si é qu' o escolante s' ha faguer comprender verdadeiramente dos rapaces.

O menos que se pode pedir é qu' o galego non sexa sistemáticamente estrañado e botado fora das escolas.

1.º Pol-o desprezo da lingua principia o desprezo da Terra y-o desapego a ela.

2.º Suprimir o galego equival a condenar a morte o noso pensamento y-a nosa literatura.

3.º O ter en pouco á nosa fala axuda cáxeque nun todo á probe ideía qu' o galego ten de si mesmo.

4.º Ventaxas pedagóxicas do galego:

a) Pofier o que s' esprique n-esta lingua mais ó alcance da intelixencia dos nenos.

b) Empregado alternando co castelán, favorece a memoria complicitiva.

c) Facilita o ensino do castelán pol-a comparanza das dúas linguas.

d) Influye na formación dos sentimentos:

Pirmeiro: porque é un medio d' erguel-o sentimento da Terra.

Segundo: pol-o que influye na educación do carácter o seu xeito especial, doce, soave; pol-a sua *musicalidade*.

5.º Derradeiramentes: ninguén pode poñer en duda a ventaxa grande de poseer dous idiomas en troques de poseer un só. Non imol os galegos perder estúpidamente esta ventaxe, esquecendo a nosa lingua materna. Ora, estas dúas linguas que nós temos, pásalles:

A *oficial* (castelán) é unha das que se falan por maior número d' almas no mundo. Ela ábrenos todol-os países da fala castelá.

A *nósa* (galego) na sua forma portuguesa—galego e portugués son dous dialeitos d' unha mesma lingua—é unha das mais estendidas pol-o mundo, mais aínda qu' o castelán. Ela ábrenos todol-os países da fala portuguesa.

Tontos seríamos se perdéramos unha d' estas poderentes armas de loita pol-a vida e de formación de cultura. O galego pode co' elas, abarcar dúas civilizacións.

Pol-as razóns devanditas, o galego debe entrar na vida escolar.

O menos que se pode faguer n-este senso é:

a) Non prohibire ós rapaces o falaren galego. Iles poderán falalo nos seus xogos, nas suas conversas, hastra responderen en galego ás preguntas do escolante. Iste pode dar eixemplo dirixíndose a eles, pol-o menos algunhas veces na nosa lingua.

b) Ó insiníare a lingua e gramática castelá, faguer comparanza co'a lingua e gramática galega, faguendo notar ben as somellanzas e as diferenzas antr' os dous idiomas, maneira de qu' os rapaces adprendan a falar verdadeiro castelán e verdadeiro galego, e non galego misturado de castelán, ou un castelán que é galego literalmentes traducido.

c) Faguer tres veces ou mais á semán, pol-o menos, leuturas de poesías e de prosas galegas, ben escolleitas pra leeren os rapaces e debidamente graduadas.

d) Estas leuturas—coma todas as leuturas escolares—deben ser esplicadas e comentadas. Con ocasión d' elas, o escolante pode dar ós nenos unhas noíds de literatura galega e falarlles das vidas dos autores de mais nota.

e) Cos rapaces mais adiantados—os dous últimos grados—xa se pode darlles unhas noíds de gramática galega y-hastra poñerlles algunhas veces exercicios de redacción e composición en lingua galega.

VII O ENSEÑO DAS COUSAS DA TERRA

O primeiro é coñecer ben cada un o seu país. Isto non admite discusión; isto é dogmático na pedagogía moderna.

Un ensino verdadeiramente galego, debe comprender:

Xeografía de Galiza.

Estoria de Galiza e vidas de galegos ilustres.

Língua e literatura galega.

Arte galega.

Ciencias e disciplinas prácticas (agricultura, endústreas, labores, traballos manuais, etc., etc.), con aplicación á nosa Terra.

A) A Xeografía de Galiza.—Seu valor istrutivo: Teoricamente:

1.º Dónanos o coñecemento do que é unha rexión xeográfica (conceito fundamental na xeografía moderna).

2.º Vemos nela a aplicación concreta de todos os coñecementos de xeografía xeneral, que d' iste xeito s' atopan na realidade palpable e inmediata.

3.º Sirve de preparación pra suxerir o remoto por médeo do próximo, de modelo, de termo de comparación pra todas as outras rexións xeográficas que s' estuden.

4.º É a base de todo o demais que un galego teña que saber tocantes á súa Terra.

Practicamente: o estudo da Terra galega pra sabermol-o partido que podemos sacar dos seus recursos naturais, pro noso milloramento económico e social.

Seu valor educativo:

Pr'a crianza do sentimento galego, pra lles dar ós rapaces o amor da Terra, é indispensable o estudo da xeografía. O home compre que coñeza o qu' ha d' amare.

Métodos: Primeiro de nada, débese ensináre a xeografía de Galiza, logo a da Hespaña, dempois a Universal.

Galiza debe ser espicada en conxunto, com' unha unidade xeográfica, com' unha rexión natural. Non se debe espoñel-a xeografía de Galiza por provincias. As divisións administrativas non son realmente xeografía, senon cousa accidental. Débese dar preferencia á xeografía científica y-económica.

Débese empregar constantemente o mapa, con referencias ás cousas vistas (lembranzas de viaxes, excursións, etc.)

B) A Estoria de Galiza.—É o que mais pode contribuir a valorar a Galiza ós ollos dos seus

fillos. Compre que cada y-alma galega se non sinta isolada, senon ligada a unha tradición, á tradición da súa Terra.

Ora, esta tradición non consiste precisamente en feitos polítecicos, senon nos feitos culturais.

A Estoria de Galiza debe ser unha estoria da civilización galega.

Pra isto: as visitas ós moimentos, ós museos, a ilustración das leucións con proyeccións, con láminas, con dibuxos.

As vidas de galegos ilustres—d' un gran valor pra educación moral—poden servirse de libro de lectura. Ademais, compre qu' o escolante l' as conte con calor ós rapaces e qu' os poña com' eixemplo dino de louba.

C) Xa nos temos referido á língua e literatura galega en capítulo aparte.

D) Arte galega.—Esto entra no estudo da Estoria, mais compre faguelo entrar tamén nos traballos manuais e mais nos mesmos xogos.

Hai qu' amostaralles ós rapaces non somentelas cousas qu' a estoria de Arte aprende, senon tamén aquelas artes menores nas qu' o pobo pon o seu instinto artístico e decorativo, ó qu' hoxe se da tanta importancia. Os oxetos d' arte popular, ademais de seren amostrados ós rapaces pra lles faguer aprecial-o mérito que teñen, deben ser postos coma modelos pro exercicios de composición decorativa no ensino do dibuxo e dos traballos manuais

E) Aplicación das disciplinas prácticas á nosa Terra.—O mesmo que dixemos ó falarmos da importancia práctica do estudo da xeografía de Galiza. Hai que dar preferencia ás cousas qu' han ter aplicación aquí, e que podan servir pro noso milloramento económico.

N-esto a escola pode faguer unha outa obra social procurando pol-a conservación y-o milloramento das nosas pequenas industrias rurais e caseiras, y-hastra adautando outras novas do mesmo xeito que sexan axeitadas á nosa maneira de ser.

Eis un programa mínimo d' ensino primario galeguista, qu' a iniciativa filantrópica de cantos bós galegos sosteñen escolas na nosa Terra, pode moi ben acoller e levar á práctica, faguedo co' elo un inmenso ben á nosa Santa Galiza.

VICENTE RISCO

SEICION ARQUEOLOXICA

NOVO MILIARIO

Entre Baños de Bande e Porto - Quintela, y apartada, cerco de trinta metros, da marxen direita da carreteira que sai d' Ourense a Portugal, foi atopada fai pouco tempo, atuada n-unha terra de labor a pedra miliaria qu' hoxe damos a coñecer ós nósos leutores.

Mide, a dita pedra, que tén forma cilíndrica coma total-as da sua crase, máis d'un metro e medio d'outura por us trinta centímetros de diámetro.

O seu estado de conservación deixa moito que desexar, pois a máis de faltarlle grandes anacos na parte superior está chea d' esconchaduras qu' unidas ó gran deterioro de toda a superficie fixeron imposible a leutura compreta da inscrición, da cual solo podemos ler con craridade o seguinte:

IMP
IVL · VER · MAXIMINVS . . . FEL
AVG · GER . . . MAX · DAC SAR
PO
VII ET
VER · MAXIM
MVS · CAES
AX . . . AR . MAX
FILIVS · D · N
ER · MAXIMI

Por fortuna vense perfectamente os nomes de Julio Vero Maximino e do seu fillo, emperador o primeiro e César o segundo d' o ano de 235 en que foron proclamados pol-as guarnicións da Xermania, despois do asasinato d' Alexandro Severo, hastra o 238 en que morreron cando s' alcontraban pondo sitio a vila d' Aquileya, a consecuencia d' unha revolta dos soldados da lexión II Partica.

Haí na nosa provincia outras cinco miliarias que com' esta pertencen ó reinado dos Maximinos. Foron atopadas, unha na Portela do Home, outra preto de Xinzo, a terceira en Zadagós-Piñeira d' Arcos, a cuarta en Rloacaldo-

Lovios y-a quinta en Vilar de Santos. As duas primeiras estan rexistradas por Hübner no *Corpus Inscriptiones Hispania Latinae* c' os números 6.222 e 4.853 y-a terceira foi dada a coñecer por D. Arturo Vázquez Núñez c' o número 31 da sua *Epigrafía Latina de la provincia de Orense*, (B. C. M. de Orense, t. 3.º, n.º 49, páx. 15).

Estas miliarias que puderon ser lidas por comprobante serviron pra conmemorar as reparacións que na vía d' Astorga a Braga, núm. 18 do Itinerario d' Antonino fixéronse, ou polo menos acabáronse na época dos dous Maximinos.

Copiamos a continuación a atopada en Zadagós con cuya axuda pódese comprobante o que falta na descuberta en Baños de Bande:

IMP · CAES · C · IVLIVS
VERVS · MAXIMINVS · PLVS · FEL
AVG · GERM · MAX · DAC · MAX
SARM · MAX · PONT · TRIB · POT · V · IMP
VII · P · P · COS · PROCOS · ET · CIVLIVS
VERVS · MAXIMVS · NOBILISSI
MVS · CAES · GER · MAX · DAC · MAX
SARM · MAX · PRINCEPS · IVVEN
TVTIS · FIL · D · N · IMP · CAES · ILVL
VERI · MAXIMINI · PH · FEL · AVG
VIAS · ET · PONTES · IN · TEMPORIBVS
VETVSTATE · CONLAPSOS · RESTITVI
PRECEPERVNT · CVRA · AGENTE · Q · DECIO
LEG · AVGG · PR · PR · C · V ·

Que traducida dice:

«O Emperador Cayo Xulio Vero Maximino, pio, feliz augusto, xermanico maximo, dacico maximo, sarmatico maximo, pontífice, revestida cinco veces da potesta tribunicia, sete veces emperador, pai da patria, cónsul pro-cónsul, e Cayo Xulio Vero Maximo, César nobilísimo, xermanico maximo, dacico maximo, sarmatico maximo, príncipe da xuventu, fillo do noso señor o Emperador César Cayo Xulio Vero Maximino, pio feliz, augusto, mandaron compor os camiños y-as pontes c' o tempo derramara, baixo a dirección de Quinto

«Decio legado augusto e propretor varon clarísimo.»


Como se pode ver a coincidencia das dúas pedras miliarias é casi absoluta, podéndose encher valéndose da de Zadagós todos os vacíos da de Baños de Bande, sin mais dificultá e' o espacio de cerca de dúas líneas que queda entr' abreviatura de Imperator y-o nome do emperador cuyo espacio parece que debía de ser moito mais corto.

Nas últimas líneas que non podemos lér,

cicais estivera feita algunha indicación das obras feitas na vía, como pasa nas outras pedras do mesmo emperador.

Probablemente non habería indicación de millas a Braga que faltan tamén nas pedras de Xinzo e de Zadagós.

Estas miliarias y-as números 4.838, 4.847 e 4.854 de Hübner, que foron póstas por Cayo Calpetano Rancio Quirinal Valerio Festo no ano 80 á terminación da vía son únicas que fan referencia a obras feitas na mesma.



O Pintor Joao PERALTA, axente de "NOS", en Portugal
por Alvaro Cebreiro.



ARCHIVO FILOLOXICO E ETNOGRÁFICO DE GALIZIA

FOLK-LORE DE PARADA DO SIL

Adiviñanzas

No monte nace,
no monte se cria
e ven ballar á casa
diante a sua señoría.

A DEVAÑADOIRA.

Alto ramalliño,
verde com' ó liño,
sabe com' ó mel,
amarga com' ó fel.

A NOZ.

Cando vai pr' ó monte vai encollida
e volve pr' á casa estendida.

A CORDA.

Anda de buraco en buraco
c' as tripas arrastro.

A AGULLA.

Catro gatos n-un tellado,
cada gato mira a tres,
canta gatería es?

CATRO GATOS.

Besta de ferro,
albarda de liño,
atiza qu' atiza
c' un garabulliño,

O CANDIL.

Cen e cen
e cen follas ten
e non llas conta ningún.

O CHOUPANO, CARROTE OU COGORDO.

É larga com' unha soga
e morde com' unha loba.

A SILVA.

Alto me vexo,
n-un piliquexo,
vénme roubar
o non podo escapar.

A CASTAÑA NO OURIZO.

Cando van pr' o monte, miran pr' a casa, e
cando van pr' a casa, miran pr' o monte.

OS CORNOS DA CABRA.

Tacón sobre tacón,
tacón do mesmo pano;
se non atinas agora
non atinas d' hoxe n-un ano.

A CEBOLA.

Refrás

Se trona no Xaneiro, sub' as cubas ó fumeiro.
Se no Marzo ves tronar, prepara cubas e
lagar.

Cerco na lua enxug' a lagua.
No santo Tomé, agarr' o porco pol-o pé.
Na santa Catalifa, cata a neve na cortiña.
No Agosto pont' o abrigo tras do toxo.
Cigarro de guapo, moito papel e pouco tabaco.
Co' a autoridá y-a inquisición, chitón.
Cases bén, cases mal, casa c' unha do teu
igual.

Do burro abaixo non hai menos besta.
No ano bisiesto cab' a cria debaixo d' un cesto.
De coxo e can rabelo, librenos Dios coma do
demo.

Pregarias de desconxuro

Pra desentomecer un pé: «Desentómecete pé—qu' ehi ven o San Tomé—c' un carro de toxos—que ch' ha queimar os ósos».

Pra faguer fuzir a nebra: «Marcha nebraceira—do chao da ribeira—vai comer as labaduras—que deixache na maseira».

Pra que non mordan os cds da rabia: «Can da rabia—tente en tí—qu' o San Alauterio—está no medio de min e de tí».

Pra quitar as barrugas do corpo, hai que botar sal no lume e decir ó tempo, fuzindo: «Barrugas

teño—barrugas vendo—deix' o sal no lume—y-escapo correndo.»

Bruxas

Acerca das bruxas, dícese que deixando o libro aberto ó acabar a misa, non poden sair da eirexa, e contan d' un cura de San Cristobo (en Caldelas) que fixo eso e quedaron na eirexa unhas cantas mulleres, as que lle fixeron pagar o feito, saíndolle unha vez ó camiño e pegándolle unha tunda.

Xosé R. PÉREZ SEOANE

Parada do Sil, Marzo de 1921.

A SOCIEDÁ “NÓS,,

ESTATUTO 1.º *Constitúyese unha Sociedd de personal e capital variables, denominada «Nós» de duranza indefinida, e co' a sede en Ourense.*

EST. 2.º *O obxecto da Sociedd é o fomento, desenvolvo e universalizanza da cultura y-a lengoa galegas; e proporcionar ós socios elementos con que erguer o seu nivel intelectual, moral, social y-económeco.*

EST. 3.º *O capital social estará formado por todol-os bés, dirreitos ou capitales que adiquira a Sociedd.*

EST. 6.º *Ó Consello corresponde a resolución de todol-os asuntos sociais, tomando os acordos por maioría de votos ou d' adhesión ou respostas escritas.*

EST. 7.º *O Consello comporase de tres, de cinco ou de sete persoas...*

EST. 9.º *O director-xerente representará a Sociedd en todol-os actos e contratos... executará as deliberanzas... providenciard calquer caso urxente.*

EST. 13. *A Sociedd comporase d' un número variable e indeterminado de socios. Estes serán numerarios, cooperadores de capital e cooperadores de responsabilidad.*

EST. 14. *Serán socios numerarios as persoas que firman a acta de constitución y-aquelas outras que pól-a sua instrucción e competencia, xerarquia ou dinidade poidan contribuíre ó fomento da Sociedd.*

EST. 15. *Serán socios cooperadores de capital as persoas que aporten á Sociedd unha cantidá non inferior a 25 pesetas, a cual producirá o intris anual que se fixe, pagadeiro a fin de ano.*

EST. 16. *Serán socios cooperadores de responsabilidad as persoas que interpoñan a sua garantía personal pra responder hasta' o limite que sinalen, das obrigas que contraiga a Sociedd.*

EST. 20. *A calidá de socio pérdese por morte, por incapacidá xuridica, por renuncia e por escrusión.*

EST. 24. *O Consello, asociado dos socios que acudan á xuntanza... aprobará o balance anual.*

O CONCURSO DA REVISTA "MONDARIZ,"

TODOS os anos se fai en Mondariz algún auto d'affirmación galeguista no que, a perscalidade inmorrrente do noso Pobo, acúsase d'un xeito xurdio na súa capacidade de creación espiritual. Tal ora sempre a intención d'aquíl gran galego e gran creador que se chamou D. Enrique Peinador Vela ó fundar co' iste fin a revista *Mondariz* que sempre dedicou á propaganda das cousas e dos problemas da Terra Galega. As iniciativas d'aquíl home de forte vontade y-ergueito pensamento, foron seguidas e desenvoltas pol-os seus fillos os ilustres patricios D. Enrique e don Ramón Peinador, patrocinadores e realizadores de canto en Mondariz se fai en pro de Galiza, que non son somentes autos e concursos que logo poden esquecerse, senon qu'os seus resultados espállanse por medio da imprensa, pra que vaian a todas partes pra ilustrar á opinión galega.

Teñen ademais os autos de Mondariz a importancia grande de que feitos onde un estabrecimento de fama mundial atraí n-ise tempo a distintas persoalidades de todol-os países, n-iles, poden elas decatarse bén dos nosos progresos nos difrentes ordes da cultura.

Iste ano, orgaizado pol-a revista *Mondariz* un concurso, do que xa temos falado ós nosos lectores, e que ha sel-o pírmeiro d'unha serie de concursos abranguendo todol-os problemas da nosa Terra, fíxose unha sesión solemne pra

entrega dos premios ós autores dos traballos recompensados.

Deserto o segundo tema (Medios pra recoller, conservar e difundir a música galega) saíron premiados dous intresantísimos traballos, un referente ó pírmeiro tema, ou sexa ós medios pra creal-a Mancomunidade económica das provincias galegas, do noso moí querido amigo e colaborador o distinto abogado e concexal da Cruña Lois Peña Novo, un dos mais ilustres portavoces do Nazionalismo galego; o outro referente ó terceiro tema, sobre da arquitectura civil galega, debido ó ilustre pintor Calros Sobrino.

O traballo do Peña Novo en col da Mancomunidade é unha obra perfecta y-acabada na que o noso irmán amostrou bén a súa grande capacidade de xarista e de políteco, e mais a súa fonda preparación no que toca ó dereito e á facenda provincial e municipal. E un traballo dos chamados a ser fundamentás pra toda futura constitución autonómica da Galiza.

O estudo de Calros Sobrino é un estudo feito por un verdadeiro artista que ama apaixonadamente as tradicións da súa Terra, e por un espírito oservador e curioso que coñece as necesidás do vivir galego, a acomodación da vivenda ó clima, ós costumes, á paisaxe e até á psicoloxía da xente qu'ha vivir n-elas. Resulta logo, un traballo de valor inapreciabel pra orientación estética e útil da costrución galega.

X. G.

OS HOMES, OS FEITOS, AS VERBAS

"NÓS., NA LEGACIÓN DA
REPÚBLICA IRLANDESA
EN MADRID

En compañía de varios membros da *Irmán-dade Céltica en Madrid*—integrada coma se sabe pol-os afiliados das asociacións nazionalistas galegas elí residentes—o axente-representante de NOS n-aquela vila; foi levar á Delegación da República Irlandesa o noso saúde personal.

D'aquela visita ós persoeiros da Irmá Irlanda, a Nazón groriosa, honra da Raza Céltica que con heroísmo sen imitanza loita pol-a súa liberdade, fíxo fonda impresión nos nazionalistas galegos, que s' atopan elí con irmans de sangue e d'alma, e saíron satisfeitos e comovidos.

Houbo d'aquela unha fonda cordialidade. Os irlandeses amostraron o seu fondo coñecimento dos nosos problemas e da nosa propaganda, e manifestaron o imenso intrese con que

siguen un movemento no que non poden por menos d'ollaren un síntoma máis do actual espertar e do próximo e definitivo rexurdimento da gran Raza Celta, espallada pol-o ocidente europeo en pobos d'unha idéntica psicología, qu'hoxe s'inte tremar a unha a sua concencia d'estirpe, chamada a alumear ó mundo c'unha luz nova.

Falaron tamén do movemento catalán, no que tanto agarimo atopou a santa causa irlandesa—e nós temos que confesar eiquí mal que nos pese, qu'até de agora, atopárono meirande nos catalás que non en nós—mais tamén é certo, e d'elo decátanse ben os mesmos irlandeses, que nos peitos dos verdadeiros galegos que sinten a Galiza e poden enxergal-o que significa o Dereito dos Pobos, Irlanda e os seus héroes teñen un culto mocionado y-antusiasta.

O boletín NOS foi recibido na Delegación d'Irlanda con fondo agarimo, como tamén a idea d'adicare o noso próximo número 8 á Nazón Irlandesa e á lembranza do mártir Terencio Mac Swiney, e o noso ofrecimento pr'espallar por Galiza os folletos de porpaganda irlandesa. Os persoeiros da Dail Eirenn sostiveron co noso representante unha longa conversa na que sairon a colación moitos detalles d'imitanza antr'a a vida irlandesa y-a vida galega confirmadores da comunidade d'orixe dos dous pobos estremocidentais, os máis adentrados d'Europa no mar Atlántico, os máis caracterizadamente donos das máis arcaicas tradicións do Celtismo, que foi, é ha ser luz pra todol-os pobos.

Con toda a fé posta na xustiza da sua causa, Irlanda loita heroicamentes por crebal-os grillós da cadea qu'a xungue ó imperialismo británico. Loita ela sóia, de todos abandonada, mais ha trunfar e non han poder contra d'ela todol-os ferozes médeos de represión empregados pol-os seus domenhadores. E canto mais tarde, mais grorioso e máis definitivo ha ser o seu trunfo, ise trunfo qu'eiquí agardamos coa y-alma chea d'ansiedade.

E conten os nósos irmans que, en NÓS, ha atopar sempre a causa d'Irlanda antusiastas defensores.

EN COL DE «NÉVEDA»

(De *Mercur de France*,

51-VII-1921)

Eu poría gustoso perto do de Marceline (Marceline Desbordes-Valmore) a arte elixiaca e graciosa de Francisca Herrera e Garrido, que, nas suas *Almas de muller* fixo pasar toda a sensibilidade soñadora y-apaixoadada da sua Galiza natal. Non tén, por certo, de Marceline, a ardente fondura; mais é tenra y-espontanea coma ela.

As crises naturais do curazón feminino, ela asocia as voces da Natureza e toda a saudosa paisaxe do seu país.

Os seus poemas, ond' a emoción fai bullir ou repousar a cada instante o ritmo de cote novo e variado, teñen ó tempo algo do queixume rústico e máis do conto elixiaco. Non deben nada a ninguén e poñen na escea a vida da aldeia, a vida de todol-os días.

A sua frescura é esquisita, y-están todos perfumados do cheirume do chao. Imposibel de ser indifrente ó encanto inxénuo de pezas coma *Tristura, O que non morre, Como aman as mulleres de Galiza*, que prolongan y-amprifican o eco das *Sorrisas e Bagoas*, colección que pareceu en 1913. Eli, certos poemas curtos, orquestados sobr' unha emoción, taes coma *Xustas bagoas*—traducimol-os títulos do francés—*Antonina, As castañas, Inverno na montaña*, víñéronnos revelar na poetisa unha incomparabel riqueza de curazón e d'alma. E veleiquí qu'un episodio, do qu'ela tivo ceais a idea de non faguer d'il máis qu'o prencipio d'unha longa balada, tomou no seu maxin as proporeciós d'unha novela.

Ela sacou d'el *Néveda*. Iste relato sentimental e pintoresco non sostería a comparanza, certamentes, co' a *Fior de Santidad* de Valle-Inclán, que se desenvolve n-un cadro análogo; mais desprende ceais significaciós máis humans. E a estoria d'unha dóbel sedución. Néveda (nome d'unha frol das montañas) froito ilexítimo d'unha paixon caseira é recollida pol-o seu pai, qu'a fai criar com'unha persoa d'outo rango, mais en prena campía, e lonxe do seu fogar.

Cando lle chega o tempo d'amar á sua volta, Néveda, que tén unha medio-irmá lexítima, decatas' a tempo de qu'a enganhan, e de qu'o seu mozo busca unha aventura fóra. Hai, escomasí, un qu'a quer con amor verdadeiro, mais a deceución lévaa á renucia. Ela xa non vivirá máis que pra Galiza.

Esta novela toma a miúdo o aspecto d'un piedoso idilio, e non hai que buscar n-ela as perversidás de moda, nin as psicoloxías complicadas. Mesmo por causa d'isto, é a pintura fiel do medeo onde se desenvolve. Aínda despois das *Terras do Demo* d'Aquilino Ribeiro, confeso que me cautivou. En todo caso, costitue unha excelente contribución á obra de renazonalización literaria da Galiza que hemos seguir analizando.

FR. LEBESGUE

MEMORIAL DIRIGIDO A LOS REPRESENTANTES DE LAS NACIONES EXTRANJERAS POR EL DAIL EIREANN

(editado por la

Delegación Irlandesa de Madrid).

E esta unha apelación que a Nazón Irlandesa fai á concencia política dos pobos civilizados, espoñendo d'un xeito sereo e xusto os seus direitos descoñecidos y-asoballados por Inglaterra. S'houbera un verdadeiro espírito común europeo—esa concencia da solidariedade de todal-as Pátreas na obra da civilización—a apelación que fai a Nazón Irlandesa erguería unánimementes a todol-os pobos a recramal-a independencia d'Irlanda... Mais iste espírito europeo somentes vive nos partidos defensores das liberdades nazonás, ós que xunta cada día máis aprexadamente a común disgracia das suas

Pátreas asoballadas, e a conciencia d'un Dereito Humán, superior ás leis dos Imperios, no que os dereitos das Nacionalidades están escritos en cabeza, coma nas Constitucións están os dereitos individuais do home.

Os deputados da Dail Eireann consideran ós dos Parlamentos da Europa, eiqúí ós do Parlamento hespañol, coma «irmáns no esforzo común d' apresural-o día no qu' as nazós marcharán xuntas por camiños de xustiza e d' armunia». Mais en realidade, somentes nos partidos nazionalistas hai a cobiza d' ise día e o esforzo pra preparalo. Somentes os partidos nazionalistas se sinten solidarios co' a Irlanda que loita e que sofre e qu' afirma a súa vontade de ser unha Nación ceibe e soberana...

O Memorial ven apoiado con longas estadísticas nas que a escravitude d' Irlanda está referida co' esa trácica elocuencia dos números e das relacións escuetas que fan arripiar. Pon medo leer estas notas sinxelas: «17 de Noviembre. Patricio Hanley, de diez y siete años, ciudad de Cork, fusilado por un destacamento de policía que entró en su casa durante la noche...» Un calquera, da lista de 270 cidadáns irlandeses asesinados pol-as forzas inglesas na Irlanda, que sigue á de casas e vilas queimadas, saqueadas e destruídas, ás estadísticas da emigración irlandesa, dos enormes trabucos que paga Irlanda, e de todol-os atentados contra da riqueza da Nación Martir.

HUMILDAD

(poesías) por JULIO J. CASAL,

Madrid, 1920.

O Sr. Casal, cónsul da República Oriental do Uruguay na Cruña, tén sona de ser elí o xefe d' unha escola ultraísta que coma que se quer manifestar, embora con medo, na revista *Vida*. O Sr. Casal leu versos, seica algún d' íles ultraístas—e perdón por empregar esta verba que de querer dicir tantas cousas diferentes, caxeque non quer dicir nada—no Ateneu de Madrid, onde tivo un gran éisito. Os ultraístas contaron iste éisito do Sr. Casal por unha vitoria da súa escola, e teñen ó director de *Vida* por un dos seus.

Escomasí, iste libro *Humildad* non é ultraísta. A pesares da súa liberdade métrica, iste libro aínda responde ás normas tradiciónas. Unha emotividade como a d' Amado Nervo, e un intrínseco sentimental pol-as cousiñas humildes, pol-as cousas románticas e tristesiras, é o que tén iste libro, e na maneira de faguer, moitas veces, o xeito do libro é pedestrista. Non o bote a mala parte o Sr. Casal, qu' o poñemos en boa compañía... O *Pedestrista* é unha tendencia literaria, embora sexa das que se non definen a sí mesmas, iniciada nas letras castelás por don Miguel de Unamuno, e seguida antr' outros por Pérez de Ayala e D. Ramón de Basterra e Zabala. Poderíamos citar coma pedestristas en prosa a Pío Baroja e máis ó pra nós ademirabel autor de *La España negra* Gutiérrez Solana. Ramón Gómez de la Serna tamén pedestrista moitas veces. Nótese que de seis pedestristas que citamos, tres d' íles son vascos (Unamuno, Baroja e Basterra).

Pode ser que o pedestrista veña de Walt Whitmann, a quen o Sr. Casal principia invocando, e de todol-os xeitos, tén de moi bó o ser un desprecio da bambolla retórica, do preciosismo decadente e demáis campas cursis, polo que ven a ser o contrario do estilo *fouillard*, tan característico dos galegos qu' escriben en castelán e fan poemas e prosas d' isas que saben a merengada con moito almíbare nos biscoitos de por baixo.

E iste foi o modo de que o libro do Sr. Casal nos gustara tanto pol-o que tén como pol-o que non tén, que non é pouco dicir.

ADORACIÓN

(cánticos de amor)

por LEONARDO COIMBRA.

Dende qu' os Cabaleiros-poetas da Provenza principiaran o seu movemento—no que tanta fondura espiritual atopara Nietzsche—os temas-cúmicos da outa lírica viñeron sendo a Pátrea, a Fé y-o Amor. Ben sabido é qu' a vella escola medioeval galego-portuguesa tivo co' a da língoa d' oc estreito parentesco, que nos nósos gregorios *Canzoneiros* abríron primaveiris as rosas da Provenza. E sábese tamén que dos tres temas-cúmicos da lírica señoril dos trovadores, o tema do Amor foi o máis nóso. O amor apaixonado, tristeiro e saudoso, enche a poesía portuguesa, e faise bucolismo en Bernardim Ribeiro, e faise filosofía en Leon Hebreo, e n-estas formas chega á Italia e dend' elí, imponse no mundo occidental.

«Si de amores tratase—di Miguel de Cervantes—con dos adarmes que sepa de la lengua toscana, topará con Leon Hebreo, que le hinchará las medidas.» E Xudas Abarbanel, chamado Leon Hebreo, qu' escribiu en língoa toscana, a língoa do Dante, os famosos *Dialoghi d' amore*, supremo tratado teosófeco do Amor Platónico, era un xudeu lisboeta; coma xudeu portugués foi Spinoza, e xudeu portugués foi o moi estraño y-escuro mestre de Cábala que se chamou Martínez de Pascoas, que causou unha revolución teosófeca en Francia e Alemaña... E o xudeu lisboeta Abarbanel recolleu nos seus *Dialoghi d' amore* a esencia trascendente dos nósos *Canzoneiros*, que deu ó mundo feita sutilidade filosófeca e intuición superluninal nas conversas de Philos e Sophía, mais xa sen a frescura de roseiras bravas que teñen as «Cántigas d' amigo».

No libro *Adoración*, a y-alma namorada e saudosa da Raza dos Diniz, dos Martín Códax e dos Macías, manifesta unha nóva incarnación com' a que ceccais tivera en Leon Hebreo... Tamén pra Leonardo Coimbra, na suma esaltación do Amor humán, tocamos o mistéreo do Amor divino, e no divino corazón hase faguer o reencontro das almas perdidas, das almas que do seo de Deus fuxiran coma d' un pombar as pombar todas, e andan a se buscar na saudade do reencontro que ha faguer a unidade na eterna e diversa pluralidade das almas... Por iso il chama á Amada «miña saudade de Deus». E isto, platonismo é; millor, neoplatonismo, cheo da intuición mística dos mitos platónicos. Neoplatonismo coma foi o de Leon Hebreo e mais o de

total-os platónicos do Renacemento: Gemisto, e Ficino, e Pico della Mirandela...

Mais sen dúbida non é nas fontes eruditas dos místicos neoplatónicos, portugueses ou non, onde está a inspiración de Leonardo Coimbra, senon nas mesmas causas que deron vida ás «cántigas d'amigo» dos nósos Canzoneiros, e por iso, o libro *Adoración*, sendo pensamento, é aínda poesía con recendo da Terra, e n-il é o mesmo Amor quen vai trasfigurando unha por unha total-as aparencias materiais da Amada: os teus ollos, as tuas maos, a tua figura, os teus cabelos, a tua voz. E todo se fai espírito, polo Amor.

Libro d'un intenso encanto, d'unha fonda poesía, d'un verbe comovido e nóvo que s'espera cáldo e tremante en imaxes que se non esperan e qu' enchen a un de sorpresa e de caridade, máis afinadas canto máis audaces. Un falar que é un psalmo continuado, místico e musical, co'a beleza das millores páxinas do suntuoso Euxenio de Castro pro con máis quen-tor de vida e moita máis fondura de pensamento.

V. R.

CANTOS INDECISOS

por TEIXEIRA DE PASCOAENS, 1921.

N-o libro derradeiro do nóso irmán e Mestre, o seu fondo y-esquisito xenio lírico atinxe acentos que non eran agardados pol-os coñecedores de *Sempre*, *Terra Prohibida*, *Mártyros*, *As Sombras*, *O Espírito Lusitano ou o Saudosismo* e *Os Poetas Lusitadas*. Eiquí, n-os *Cantos indecisos*, con moitos ecos dos outros libros, do primeiro *Sempre* máis que nada, xurden n-as *Elegías* (derradeira parte do libro) acentos doídos d'un punxente door persoal, saudade individualizada, en troques de se solagar n-o ceo e n-a terra, a y-alma do poeta para expansionar en eternidade os seus sentimentos, lonxe das aparencias mentirosas das cousas, senon fundíndose n-o vago da súa intimidade, ise *corpo austral de Deus*, coma fai n-os outros libros. Por iso as *Elegías* de final do libro son máis tráxicamente humanas, anque sexan da mesma esencia relixiosa que toda a sublime obra do autor.

N-os *Cantos indecisos* (primeira parte do libro) ofrece trasfigurados algús residos poéticos do primeiro *Sempre*, que, asegún il confesa n-as verbas limiares da 3.^a edición é o esbozo de toda a súa produción que seguiu e seguirá. Pensamos qu' eiquí, n-iste libro derradeiro áchase máis definido o pensamento poético de Teixeira y-é isto que lle dá un valor indecibel ós *Cantos indecisos*.

Hai tamén n-iste libro dous poemas soberbios dos que a concención manífente suspende toda análise, e todo xuízo: son os chamados *Senhora da Noite* e *O Doido e a Morte*.

Inda tén outras dúas partes: *A elegía da Solido* e *Elegía do Amor*.

«Abonda tal volume para facer o nome d'un poeta», dí de *Cantos indecisos* Antón Vilar Ponte en *A Nosa Terra*, y-é ben certo, porque, ademais de todo o que tén iste libro, tén algo de síntese poética e de principio de resumo en maduridade, d'un xenio qu' inaugura unha maneira máis perfecta, sinxela e depurada.

BOLETÍN IRLANDÉS

Recibímol-os números 54 e 55 d'iste boletín que publica en Madrid a Delegación da República Irlandesa pra informar á opinión do que de certo pasa na Nación Mártir baixo a persecución británica. O contido d'istes números é o seguinte:

O sentido mensaxe qu' os Bispos dos Estados Unidos mandaron ó Cardenal Primado d'Irlanda Mons. Logue, e a resposta d' iste. Foi un outo exemplo de solidariedade cristiana. Fan notar os Bispos americanos, coma os millós d' irlandeses emigrados en Nord América, onde ergueron unha Eirexa que é honra do Cristianismo, mesmo feitos cidadans dos Estados Unidos, non esquecen á *terra dos seus pais*, e confían en que Deus dará por fin á Irlanda o posto de que é merecente antr' as demais nazós.

O feito da expulsión violenta dos obreiros católicos que traballaban nos astilleiros de Belfast que puxo por portas a máis de 30.000 persoas. A complicitade do Goberno británico azuza a guerra relixiosa no Ulster.

O nomeamento dos plenipotenciarios d'Irlanda que han falar c' os do Goberno británico, que son: Arthur Griffith, ministro de Negocios estranxeiros; Michael Collins, ministro das Finanzas; o comandante R. C. Barton, ministro d'Asuntos económicos, e os deputados comandante Eamon Duggan e George Gavan Duffy.

A visita que fixo ó Persidente De Valera a delegación da Federación Americana do Traballo, pra lle faguer presente as simpatías dos traballadores americanos e a súa petición ó Goberno dos Estados Unidos do recoñecimento da República Irlandesa.

O acordo dos Irlandeses residentes na Gran Bretaña d'apoyar á Dail Eireann.

Un anaco do Boletín Oficial da República do 22 de Setembre no que a Dail Eireann manifesta a súa confianza no apoio da Nación Irlandesa. «Non fai aínda catro meses—dí—aprobou o país, con unanimidade sen exemplo na estoria política, os autos dos seus directores, na guerra contra Inglaterra; non-os van deixar agora qu' o fin perseguido sigue sendo o mesmo d'entón... A única opinión irlandesa «sana e moderada» é a do Sinn Féin.»

AGUAS MINERO-MEDICINALES
BICARBONATADO-SÓDICAS

MONDARIZ



G. ZARZ

NÓS

FRÁBICA MECÁNICA DE CALZADO

DE

ANXEL SENRA

RÚA XUAN FLÓREZ

Depósito: Cantón Grande, 15 - A CRUNA

GRAN CAFÉ "LA UNION,"

O MILLOR SITUADO E DE MAIS CONFORT

BILLARES - VARIETÉS - SEXTETO

Nóvos propietarios: **MANUEL VAZQUEZ :-: EULOGIO ALBERTE**

PEREIRA, 13

TELÉFONO NÚM. 61

"GRAN HOTEL ROMA,"

MONTADO CON TODO CONFORT E HIXENE MODERNOS :-: COCIÑA VARIADA E SANA

PENSIÓN COMPRETA DE 10 A 50 PESETAS

SITUADA NO MAIS CÉNTRICO DA CAPITAL.

Progreso, 71

OURENSE

Teléfono, 73

SANATORIO QUIRURXICO D' OURENSE

DIRIXIDO POR

D. Manuel Pol Piñeiro

Ciruxía xeneral y-especialidás

D. Manuel Peña Rey

Xinecoloxía e partos

Instalado en sitio sano e pintoresco (carretera da Loña).
Conta con elementos precisos pr' a boa asistencia dos operados.
Moi logo instalará RAYOS X.

PRA DETALLES DIRIXIRSE A UN DOS DIREITORES

¿QUEREDES VESTIR BARATO E CON ELEGANCIA?

Pois, encargade a feitura
dos traxes na xastrería de

José María Rodríguez

Pereira, 2 - OURENSE

Manuel L. Enriquez

Médico - Oculista

asisten, pago pol-o Goberna español,
as clínicas das Universidades de Zurich
(Suiza) e Würzburg (Alemaña)

Consulta diaria no Hotel Miño :-: Ourense

DISPONIBLE

LIBROS DE TEIXEIRA DE PASCOAES

Terra Prohibida + Arte de ser Portuguez + Sempre + As Sombras
Marános + Cantos indecisos

“A NOSA TERRA,,

BOLETIN DECENAL

Idearium das IRMANDADES DA FALA en Galicia e nas colonias galegas d' América e Portugal

PRECIOS DE SUSCRICIÓN . . .	Na Cruña ó mes.	40 céntimos
	Coste d'un número	15 "
	Fora, trimestre.	1'50 pesetas
	América, id.	2'00 "

REDAUCIÓN Y-ADMINISTRACIÓN: PLAZA DE MARÍA PITA, 17, BAIXO. - A CRUÑA

MERQUE VOSTEDE

NOVELA GALLEGA POR

FRANCISCA HERRERA E GARRIDO

“NEVEDA,,

Coste, DAZASEIS REÁS

1000

F. Román e Saco

DROGUERÍA

E FARMACIA

Pereira, 19

Teléfono, 28

OURENSE

UN ANUNCIO PERMANENTE EN "NÓS,,

É un imposto sobre a venda que beneficia a quen-o paga

"Teoría d'o Nacionalismo Galego,,

POR VICENTE RISCO

Léaa que lle dará luces pr' enxergal-os probremas da nosa Terra

PRECIO: CINCO REAS

Os VINOS do Ribeiro

ARNOYA FINO

Siñifican o máisimun da "delicadeza,,

BODEGAS da Viuda e Fillos de Xoán Fuentes.-OURENSE